

Martes 5, Febreiro 2013

A cultura galega pide un Día de Rosalía á altura da poeta

Redacción |

CIG-Ensino apoia a iniciativa da [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega](#) (AELG) para a celebración do Día de Rosalía e súmase á proposta de celebrar a data agasallando un libro en galego e unha flor. O sindicato reclama que o 24 de febreiro, aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* en 1863, **se inclúa oficialmente no calendario escolar** "como unha conmemoración centrada no recoñecemento e na difusión da autora que simboliza o Rexurdimento da nosa lingua e da nosa literatura". A CIG reclama que "a Consellaría mude a súa postura insensíbel e inexplicábel cara ao idioma galego e admita esta proposta". Este ano, ademais, conmemórase o sesquicentenario da publicación da obra, 150 anos dun dos fitos que marcaron o inicio do *rexurdimento* da lingua e cultura galegas

A AELG celebrará lecturas colectivas en numerosas cidades e vilas o sábado 23 de febreiro e está organizando un acto nacional que se celebrará o domingo 24 no Panteón dos Galegos Ilustres. De igual xeito o 22 de febreiro haberá lecturas colectivas de poemas de *Cantares Gallegos* en moitos centros de ensino e todo o país.

"Os estudos de diferentes investigadores nos últimos anos fóronnos colocando ante unha Rosalía moito máis auténtica, con maior personalidade, unha muller culta, loitadora, vangardista..., algo moi diferente a aquela Rosalía simple, chorona, populista..., que outras xeracións estudamos"

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

Lectura colectiva de 'Cantares Gallegos' nos centros ensino

Dentro das actividades do Día de Rosalía de Castro 2013, organizadas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, o venres 22 de febreiro haberá en múltiples centros de ensino **lecturas e gravacións audiovisuais por parte do alumnado de poemas de *Cantares Gallegos***, que serán divulgadas posteriormente na web da AELG. **Centros que participan nesta actividade:**

- *Prólogo*: CPI Alcalde Xosé Pichel, Coristanco.
- *Has de cantar*: CEIP Doutor Suárez, Fornelos de Montes.
- *Nasín cando as prantas nasen*: CEIP Cespón, Boiro.
- *Dios bendiga todo, nena*: CEIP Santo Paio de Abaixo, Reboreda – Redondela.
- *Cantan os galos pra o día*: IES Nº 1, Ribeira.
- *Miña Santiña e Alborada*: CPI da Picota, Mazaricos.
- *Nosa Señora da Barca*: CEIP Campolongo, Pontevedra.
- *Fun un domingo*: CEIP da Armenteira, Meis.
- *Un repoludo gaiteiro, Quixente tanto, meniña e Castellanos de Castilla*: Colexio Obradoiro, A Coruña.
- *Díxome nantronte o cura*: EDLG do IES nº 1 do Carballiño.
- *Campanas de Bastabales*: CEIP Coutada, Beade.
- *Vinte unha crara noite*: CEP Xosé Neira Vilas, Peitieiros-Gondomar.

- *San Antonio bendito*: CEIP San Xosé Obreiro, Meicende, Arteixo.
- *Acolá enriba*: CEIP A Carballeira, Lourizán, Pontevedra.
- *Adíos, ríos; adios, fontes*: CEIP Carlos Casares, Nigrán.
- *Eu ben vin estar o moucho*: CEIP de Seixalbo, Ourense.
- *Airiños, airiños aires*: Equipo de Dinamización Lingüística do E. H. San José de Pontedeume.
- *Ao Sr. D. Camilo Álvarez e Castro, Chantre da Catedral de Salamanca*: CEIP Chano Piñeiro, Gondomar.
- *Pasa, río, pasa, río*: CEIP de Sobrada, Tomiño.
- *Ora, meu meniño, ora*: CEIP de Cedeira.
- *Non che digo nada*: Colexio Jaime Balmes, Noia.
- *Mais ó que ben quixo un día*: CPI O Feal, Narón.
- *Castellana de Castilla*: IES Miguel Ángel González, O Carril, Vilagarcía de Arousa.
- *Queridiña dos meus ollos*: IES Salvaterra de Miño.
- *A Roberto Robert redactore da Discusión, a quen lle gustan os contos i o gallego*: IES Xulián Magariños, Negreira.